



## ENTROIDO 2020 CONCELLO DA BAÑA

### Bases do Concurso de disfraces

- I. Poden participar todas as persoas que acudan disfrazadas o día do concurso.
- II. As persoas participantes deberán anotarse a partir do mércores, 5 de febreiro ata o xoves, 27 de febreiro telematicamente ou na casa do concello.
- III. As persoas participantes menores de idade achegarán unha autorización de participación asinada pola nai, pai ou titor/a.
- IV. O concurso terá lugar o sábado, 29 de febreiro a partir das 16:30 horas nas rúas Xacinto Rodríguez, Rosalía de Castro e na Praza do Concello.
- V. Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

CATEGORÍAS	1ºPREMIO	2ºPREMIO	3ºPREMIO
CARROZA	1.000€	500€	200€
COMPARSA	1.000€	500€	200€
GRUPO	150€		
INDIVIDUAL INFANTIL	100€		
INDIVIDUAL ADULTO	100€		

- VI. Os grupos estarán formados por un mínimo de 2 e un máximo de 9 persoas para poder participar e representarán todos e todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.
- VII. As comparsas terán polo menos 10 membros para poder participar e representarán todos e todas un mesmo motivo. Deben designar a un voceiro/a que represente á formación.
- VIII. As carrozas:
  - Serán como mínimo 10 persoas.
  - Todos os membros ou parte deles terán que vir enriba dun móbil.
  - Designación dun voceiro/a.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 61  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)

- IX. A selección das gañadores realizarase por proposta dun xurado composto por persoas alleas ao Concello da Baña.
- X. Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:
- Comparsas e grupos:
    - Vestiario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
    - Orixinalidade: 1 a 3 puntos
    - Organización e traballo en equipo: 1 a 3 puntos
    - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos.
  - Disfraces individuais (infantís e adultos)
    - Orixinalidade do vestiario (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
    - Maquillaxe: 1 a 2 puntos.
    - Involucrar ao público: 1 a 5 puntos.
- XI. O Concello da Baña resérvase o dereito para a captación e difusión das imaxes do concurso para fins de publicidade e promoción en prensa, na páxina web e redes sociais municipais. A utilización das fotos e vídeos estará suxeita exclusivamente a un uso informativo nunca comercial.
- XII. A participación no concurso supón a aceptación destas bases e a decisión do xurado é inapelable.